Plan Estratéxico 2022-2027

Educación para a Cidadanía Global

SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA

solidariedade internacional GALICIA

Solidariedade Internacional de Galicia constituímonos coma unha entidade amplamente participada por persoas que entendemos a solidariedade como unha forma de ser e estar no mundo. Apostamos pola erradicación da pobreza e unha redistribución equitativa dos recursos.

Actuamos de forma sostida, con eficiencia, relevancia e vocación transformadora, promovendo a solidariedade da sociedade galega para un desenvolvemento social compartido cos países do Sur.

Somos persoas comprometidas e convencidas do que facemos. Implicámonos coa nosa organización e cremos no noso modelo de acción. Somos responsables coas persoas e coa contorna. Temos experiencia e profesionalidade.

Carolina Campos. Presidenta

Cremos firmemente na educación como ferramenta de transformación e nun modelo económico ao servizo de todas as persoas.

Por iso mediante o noso labor pedagóxico pretendemos a transformación social e política cara a unha cidadanía global empoderada e emancipada, traballando desde o paradigma dos dereitos humanos, feminista e da interseccionalidade, empregando ferramentas e procesos participativos que permitan ás persoas ser axentes activos desta transformación.

Neste sentido, enmárcanmos no paradigma da educación para o desenvolvemento de quinta e sexta xeración, a Educación para a Cidadanía Global e a Educación Transformadora ou Emancipadora. É dicir, aquela educación que opera baixo unha visión glocal (global-local), de corresponsabilidade e interdependencia, reafirmando que todas e todos somos cidadáns/ as dun mundo globalizado, onde nos recoñecemos pertencentes a unha comunidade de iguais e na que todos/ as somos suxeitos de dereitos capacitados para levar a cabo accións transformadoras que promovan o cambio social.

Trátase dunha educación que persegue xerar procesos de participación-acción, capaz de cuestionar as premisas capitalistas, patriarcais e colonialistas nas que se fundamenta a idea de desenvolvemento e de responder aos retos de aprendizaxe fronte á crise civilizatoria e ecosocial provocada por este modelo hexemónico, promovendo unha cidadanía crítica, politicamente activa e socialmente comprometida con outros modelos máis equitativos e xustos para todos os pobos e para o planeta.

María Paz. Directora

A nosa razón de ser, a misión;

A transformación social a través da participación, a cooperación, a incidencia política e a educación.

A transformación das relacións económicas e a promoción de modelos alternativos e equitativos de produción, distribución e consumo.

O avance da xustiza social, a sustentabilidade ambiental e a igualdade.

A promoción da solidariedade da sociedade galega para un desenvolvemento social compartido cos países do sur, para ser aliadas nas diferentes loitas.

A defensa universal dos Dereitos Humanos, incluíndo dereitos de nova xeración coma o dereito á paz ou ao desenvolvemento.

Actuamos con eficiencia, relevancia e vocación transformadora.

O que queremos ser, a nosa visión;

Queremos ser unha entidade recoñecida socialmente polo impacto das nosas accións como xeradoras de cambios positivos.

Queremos ser unha entidade democrática, participada e innovadora que promove a xustiza social a partir dun traballo coherente e complementario entre 3 áreas: educación para a cidadanía global, cooperación internacional e comercio xusto.

Rubén Gil. Tesoureiro

En SIG partimos dunha aposta colectiva para camiñar cara a unha entidade ecosocial, feminista e decolonial, promovendo de maneira transversal e conectada un traballo sistemático na incorporación práctica da igualdade, a ética dos coidados, o ecoloxismo, os dereitos humanos e o respecto ás diversidades, en todos os niveis de funcionamento e procesos internos da entidade e nos impactos externos. Para acadar estes compromisos institucionais artellamos os os seguintes criterios de cumprimento:

Maribel Valiela. Vicepresidenta

1. Promover **contidos** que respecten a perspectiva ecosocial, feminista, decolonial e o enfoque baseado en dereitos.

2. Non **reproducir valores hexemónicos xeradores de desigualdades** nin estereotipos de xénero, roles sexistas ou violencias machistas e, pola contra, aplicar os coidados, empregar imaxes e linguaxe inclusiva e discursos contra-hexemónicos dende unha perspectiva decolonial.

3. Aplicar a **perspectiva ecosocial, feminista, decolonial e o enfoque baseado en dereitos** no traballo coas persoas destinatarias e participantes, considerando en todo momento as diferenzas e as necesidades de mulleres e homes, os seus diferentes puntos de partida e procesos, rexistrar os datos desagregados por sexo e asegurar un alto nivel de participación e de mulleres, mozas e nenas.

4. Manter e **fomentar relacións de apoio mutuo e coidados** entre as persoas da organización e con outras persoas, entidades, institucións e colectivos externos.

5. Favorecer un enfoque institucional ecosocial, acomodando **modelos relacionais e de consumo circulares, solidarios, ecolóxicos, equitativos, feministas e en harmonía coa natureza**. Reducir as nosas emisións de dióxido de carbono aplicando medidas para un abastecemento sostible, reducindo ou adaptando a mobilidade do persoal e das mercadorías, fomentando o uso de medios de transporte máis eficientes, vehículos compartidos e/ou transporte público así como de todo tipo de recursos máis respectuosos co medio ambiente (material reciclado ou reutilizado, substituíndo os plásticos por outros materiais), etc.

6. Manter unha **política de compras** e unha xestión dos recursos baixo os **criterios da ética**, a gobernanza e a perspectiva ecosocial.

7. Proporcionar ás persoas, comunidades e colectivos cos que traballamos un **apoio eficaz, eficiente, pertinente e adecuado** ás súas demandas e necesidades, extraendo para elo aprendizaxes da experiencia e a reflexión.

8. Promover a **resiliencia organizacional**, mellorando as nosas capacidades para anticipar, prepararse, responder e adaptarse ao cambio exponencial e ás interrupcións repentinas.

Os nosos valores son;

O compromiso cos colectivos e organizacións coas que traballamos: queremos establecer relacións horizontais, de ida e volta, estables no tempo, de aprendizaxe mutua e solidarias con organizacións do Sur.

O feminismo: os coidados atravesan todo canto se fai na organización e a igualdade é ao mesmo tempo unha condición e un obxectivo do noso traballo.

A alegría: o optimismo e a convicción respecto da posibilidade do cambio é o que nos move. Recoñecemos os problemas, pero isto convídanos a actuar. Confiamos na nosa fortaleza.

O compartir: a comunidade, o equipo, as relacións, os lazos afectivos son a rede de vínculos que nos sustenta. Con boa compaña, o camiño faise moi levadeiro.ç

A ambición transformadora: móvenos tamén a loita contra a inxustiza, o abuso, a ignorancia e o engano.

Noemí Cochón. Vogal


Para o Desenvolvemento
Na Categoría A: CEIP Ponte dos Brozos
Desenvolvemento e Cidadanía Global
Ano 2020

Educación

E OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Educación ten un papel importante na Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible, sendo un dos obxectivos a acadar, ODS 4 EDUCACIÓN DE CALIDADE "Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos". Particularmente, a Educación para a Cidadanía Global e a Transformación Social está presente na Meta 4.7 "De aquí ao 2030, asegurar que todo o alumnado adquira os coñecementos teóricos e prácticos precisos para promover o desenvolvemento sostible, entre outras cousas mediante a educacion para o desenvolvemento sostible e os estilos de vida sostibles, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción dunha cultura de paz e non violencia, a cidadanía mundial e a valoración da diversidade e a contribución da cultura ao desenvolvemento sostible".

Polo tanto, o presente Plan Estratéxico contribúe á consecución directa deste ODS4 a través da súa Meta 4.7. promovendo un traballo no eido da educación regrada, pero tamén no plano non institucionalizado, polo que tamén contribuirá aos demais ODS, con especial atención ao

ODS3 SAÚDE E BENESTAR (Meta 3.7 Para 2030, garantir o acceso universal aos servizos de saúde sexual e reprodutiva, incluídos os de planificación da familia, información e educación, e a integración da saúde reprodutiva nas estratexias e os programas nacionais)

ODS5 IGUALDADE DE XÉNERO (Meta 5.1 Poñer fin a todas as formas de discriminación contra todas as mulleres e as nenas en todo o mundo; Meta 5.4 Recoñecer e valorar os coidados e o traballo doméstico non remunerados mediante servizos públicos, infraestruturas e políticas de protección social, e promovendo a responsabilidade compartida no fogar e a familia, segundo proceda en cada país; Meta 5.5 Asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública; Meta 5. c Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a todos os niveis).

ODS10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES (Meta 10.2 De aquí a 2030, potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión ou situación económica ou outra condición).

ODS12 PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES (Meta 12.8 De aquí a 2030, asegurar que as persoas de todo o mundo teñan a información e os coñecementos pertinentes para o desenvolvemento sostible e os estilos de vida en harmonía coa natureza).

ODS13 ACCIÓN POLO CLIMA (Meta 13.3 Mellorar a educación, a sensibilización e a capacidade humana e institucional respecto da mitigación do cambio climático, a adaptación a el, a redución dos seus efectos e a alerta temperá)

ODS17 ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS (Meta 17.17 Fomentar e promover a constitución de alianzas eficaces nas esferas pública, público-privada e da sociedade civil, aproveitando a experiencia e as estratexias de obtención de recursos das alianzas)

Ademais destas contribucións específicas, este Plan Estratéxico contribúe de xeito xeral ao logro de toda a Axenda 2030, pois a educación ten un papel chave e transversal para o seu cumprimento, xa que a través dela interpelamos a toda a sociedade na construción dun modelo social sostible, promovendo unha cidadanía que reflexione, que teña unha conciencia crítica e que sexa axente de cambio para desenvolver accións que contribúan ao desenvolvemento sostible que se expón na Axenda.

Doutra banda, este Plan Estratéxico contempla e se alíñea coas directrices en materia de Educación para a Cidadanía Global nacionais e autonómicas que rexen unha cooperación descentralizada como a nosa. Contribuíndo á Estratexia Galega de ED da Xunta de Galicia e á Estratexia de Educación para o Desenvolvemento da Cooperación Española tanto nas súas prioridades horizontais e sectoriais (á Loita contra a pobreza, a defensa dos dereitos humanos, a igualdade de xénero, a sostenibilidade ambiental e o respecto á diversidade cultural), así como favorecendo o coñecemento de accións de ECG e dos axentes chave, a promoción da ecoloxía de saberes e o impulso do compromiso, da complementariedade e da corresponsabilidade, entre outras.

SAÍDA
SAÍDA

Diagnose

TRAXECTORIA DE SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA NO EIDO DA EDUCACIÓN

Logo de 9 anos de traxectoria investigadora sobre a Educación para a Cidadanía Global, entre os achados e conclusións máis relevantes, podemos atopar catro demandas comúns por parte do profesorado e dos axentes sociais involucrados na promoción da mesma:

Tempo-Coñecemento-Recoñecemento-Formación

Para a cuestión do Tempo vimos defendendo a integración curricular da EDCG no sistema regrado.

No que atinxe ao Coñecemento, proporcionamos dúas ferramentas de recompilación de experiencias exitosas e de referencia, a través do Mapa Cénit de experiencias de EDCG desenvolvidas na educación regrada e a visibilización de micro-experiencias de transformación social de EDCG desenvolvidas por profesorado, no eido regrado, e por colectivos sociais, no non regrado. Ambas ferramentas proporcionan o coñecemento do que se está a facer neste senso e facilitan a creación de sinerxías e redes de traballo ademais de aprendizaxes e consulta de boas prácticas.

Para dar resposta á necesidade de Recoñecemento ao traballo do profesorado, creamos e impulsamos o Premio Galego de EDCG.

E para a necesidade de Formación, desenvolvemos dúas estratexias: por unha banda estendemos a aprendizaxe da EDCG dentro da Formación Inicial do sistema universitario galego para que os/as futuros/as docentes e educadores/as se capaciten nos atributos da cidadanía global que logo lle permitan ser axentes multiplicadores na súa labor profesional; e por outra banda, adicamos esforzos á formación específica do profesorado en exercicio, tanto empregando canles xa existentes para elo, como os centros de formación permanente do profesorado, e a apertura de novos espazos formativos dirixidos especificamente á promoción da educación para a o desenvolvementos sostible, a cidadanía mundial e a transformación social.

A idea conxugadora das catro accións é xerar coñecemento trasladable á práctica así como facilitar a promoción da EDCG en Galicia, favorecer a creación dunha rede de centros e axentes que traballen EDCG e que podan comezar a establecer liñas de acción, de investigación e de traballo conxunto e retroalimentación mutua.

Por outra banda, no que atinxe ás investigacións sobre contidos específicos:

O estudo sobre a participación da mocidade galega indica que a súa participación, na actualidade, pódese definir como puntual, en accións concretas e a curto prazo, sendo pouco proactiva (sumándose a propostas doutras entidades ou persoas), empregando maioritariamente espazos presenciais, a través de accións como manifestacións, folgas e mobilizacións, que teñen que ver co feminismo e co medio ambiente maioritariamente.

A súa principal motivación para participar é Facer algo para cambiar/mellorar o mundo; Axudar a outras persoas. Destaca tamén que a Participación Social é o terceiro ámbito de participación, sendo os dous primeiros no eido do Deporte e da Educación e Cultura, sendo a participación política moi residual. E en canto ás barreiras identificadas, podémolas agrupar en tres categorías; as autopercibidas (falta de tempo, falta de información e falta de ofertas e recursos), e aquelas relacionadas coas dificultades das propias institucións para adaptarse ás novas formas de ser e de facer das novas xeracións; as relativas ao nivel estrutural, indican que é necesario proporcionar unha maior cultura participativa en todas as esferas sociais, sobre todo na Educación, pola súa capacidade de alcance; e no eido organizacional cómpre repensarse e mellorar o acompañamento que se lles ofrece, a formas de captación, entre outras cuestións.

Doutra banda, as achegas do estudo de comercio xusto, manifestan a necesidade de seguir promovendo accións de formación e sensibilización (ademais de incidencia política e cooperación internacional que fortalezan ao movemento) entre a sociedade galega, pois observouse unha dobre tendencia en Galicia: por una banda, a redución paulatina do número de intervencións desenvolvidas e, por outra, a diminución da diversidade de entidades que executan estas actuacións. De feito, o análise sobre a dimensión social do Comercio Xusto en Galicia achegou sobre o mesmo, que existe: un deficiente artellamento asociativo; unha presenza insuficiente nas rúas (que fai que o discurso do CX non estea nos debates cotiás das persoas); a falta de máis labor pedagóxica por parte das propias organizacións do Comercio Xusto (que non fortaleceron suficientemente o discurso clave da loita polos dereitos laborais e sociais dos produtores e produtoras do Sur); o envellecemento do Movemento por falta de relevo xeracional; a diminución da militancia e do compromiso a medio-longo prazo coas organizacións (derivado dunha sociedade cada vez é máis individualista, que busca satisfacer inquedanzas de xeito rápido e acotado no tempo); o discurso desactualizado do Comercio Xusto, que a pesar de seguir estando en vixencia no fondo ou contido, non se actualizou na forma de trasladalo á sociedade; a excesiva focalización na dimensión medioambiental do Comercio Xusto que fai que o seu compoñente social quede menos traballado e transmitido (quedando invisibilizados os obxectivos que o vencellan coa Cooperación Internacional, como a loita contra a pobreza, a dignificación das condicións laborais e a redución das desigualdades Norte-Sur e Sur-Sur, entre outras).

OBXECTIVOS

OBXECTIVO 1

Desenvolver a capacidade crítica e o compromiso coa transformación social

Trátase de mudar actitudes e incrementar o coñecemento e a sensibilización, especialmente nos eidos do consumo responsable e o comercio xusto, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sostible, a participación e a non discriminación.

A área socio-educativa alberga un gran coñecemento acumulado e conta con numerosos recursos, a partir do continuado traballo de investigación, de sistematización de metodoloxías e de construción de ferramentas didácticas.

O marco normativo é favorable, na medida en que incorpora aos currículos formais a educación para a o desenvolvemento sostible e a cidadanía mundial.

Estas importantes fortalezas permiten formular obxectivos ambiciosos de crecemento e de impacto.

Doutra parte, na sociedade estase a vivir unha especial dificultade para o discernimento sobre a veracidade da información e unha proliferación de bulos e discursos antisociais. Neste contexto, a capacidade crítica e o compromiso coa transformación positiva, fanse moi relevantes para soster e ampliar os avances sociais en materia de dereitos.

O desenvolvemento de ferramentas socio-educativas que poñen énfase na necesaria dimensión participativa da cidadanía global, coma O Globo, outórganos a capacidade de dinamizar unha escola de participación baseada na formación-acción.

María Caride Técnica de educación

MAPA DE ESTRATEXIAS

Liñas estratéxicas para acadar os obxectivos

OBXECTIVO 1

Desenvolver a capacidade crítica e o compromiso coa transformación social

Liña 1.1 Incrementar a capacidade de incidencia sobre os/as profesionais da educación

Liña 1.2 Incrementar a capacidade de incidencia sobre a mocidade, a través dos centros educativos

Liña 1.3 Impulsar iniciativas de Educación para a Cidadanía Global fóra do sistema educativo regrado, dirixíndonos a espazos e colectivos non formais

Liña 1.4 Desenvolver O Globo como observatorio, escola e espazo de participación

Liña 1.5 Fomentar o coñecemento e o recoñecemento de iniciativas de Educación para a Cidadanía Global a través de ferramentas e mecanismos de recompilación e divulgación de experiencias exitosas

Liña 1.6 Xerar coñecemento útil que permita nutrir e mellorar a práctica socioeducativa

Liña 1.7 Afianzar as alianzas de colaboración con entidades chave para a área de educación

LIÑAS ESTRATÉXICAS

Detalle das liñas estratéxicas e dos indicadores de seguimento e avaliación.

Ana Lampón Técnica de educación

LIÑAS ESTRATÉXICAS

PARA ACADAR O OBXECTIVO 1

Desenvolver a capacidade crítica e o compromiso coa transformación social

Liña 1.1: Incrementar a capacidade de incidencia sobre os/as profesionais da educación

Contempla o traballo co profesorado de ensino regrado e cos educadores e educadoras do eido non regrado. Trátase de dirixirnos a organizacións ou departamentos que reúnen a grupos de profesionais vinculados á educación, de forma que o alcance das nosas actuacións poida ser maior.

Perseguimos conseguir que o profesorado e as organizacións públicas e profesionais conten con nós como aliadas no seu labor educativo.

INDICADOR 1.1.1. Sostida a liña de colaboración cos Centros de Formación do Profesorado da Consellería de Educación e abertas novas relacións con asociacións profesionais ou doutro tipo que reúnan a profesionais da educación

INDICADOR 1.1.2. Realizadas actividades coas Universidades, para a formación inicial de futuras educadoras e educadores

INDICADOR 1.1.3. Creado cada ano un novo material educativo que axude a ser referente diferencial: comercio xusto, consumo responsable e participación

INDICADOR 1.1.4. Elaborados micro-dossieres das nosas propostas educativas e divulgados os dossieres e as actividades que facemos

INDICADOR 1.1.5. Achegadas as nosas ferramentas a 300 profesionais da educación, a través de 30 horas de formación anual

INDICADOR 1.1.6. Grao de satisfacción das persoas participantes

INDICADOR 1.1.7. Incremento das capacidades adquiridas, por parte das profesionais do ensino, no seu labor educativo, para a mellora dos atributos da cidadanía global

A VIDA NEGADA
10 - 11 SETEMBRO
ACAMPA
POLA PAZ
E O DEREITO
A REFUXIO
Solidariedade Galega
bng
UGT
ecos do sur
Oficina dos Dereitos
comercio Justo
POREMOS

LIÑAS ESTRATÉXICAS
PARA ACADAR O OBXECTIVO 1

Desenvolver a capacidade crítica e o compromiso coa transformación social

Liña 1.2. Incrementar a nosa capacidade de incidencia sobre a mocidade, a través dos centros educativos

Traballar coa infancia e a xuventude directamente, accedendo aos centros de ensino de todas as etapas educativas (Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional e Universidade) e outros.

INDICADOR 1.2.1. Realizadas actividades educativas chegando a 5.200 mozos e mozas

INDICADOR 1.2.2. Grao de satisfacción das persoas participantes

INDICADOR 1.2.3. Incremento das capacidades adquiridas das persoas coas que traballamos: mellorados os atributos da cidadanía global (actitudes, habilidades e coñecementos)

EDUCACION
PARA O DESENVOLVEMENTO

LIÑAS ESTRATÉXICAS

PARA ACADAR O OBXECTIVO 1

Desenvolver a capacidade crítica e o compromiso coa transformación social

Liña 1.3. Impulsar iniciativas de Educación para a Cidadanía Global fóra do sistema educativo regrado, dirixíndonos a espazos e colectivos non formais

Traballar fóra do sistema educativo, chegando a outros colectivos e espazos fóra das aulas dos centros de ensino, buscando para iso crear sinerxías con outras entidades, asociacións e institucións.

INDICADOR 1.3.1 Identificados espazos e colectivos do eido non regrado afíns

INDICADOR 1.3.2 Número e grao de satisfacción das actividades educativas realizadas nos espazos identificados

Castil
NICARAGUA
CONVERSATORIO
CON ACTIVISTAS SENIOR DE AMÉRICA CENTRAL
O papel dos adultos maiores nos cambios sociais
16 de decembro
17.00h
ID de reunión: 835 7647 1806
MejorHa

LIÑAS ESTRATÉXICAS

PARA ACADAR O OBXECTIVO 1

Desenvolver a capacidade crítica e o compromiso coa transformación social

Liña 1.4. Desenvolver O Globo como observatorio, escola e espazo de participación

Este obxectivo contén diferentes dimensións que pasamos a detallar.

Liderar unha escola de participación que sexa referente a nivel galego e sumar novas persoas ao activismo.

Como escola, realizar unha programación anual estable, de interese para a rede de entidades que colaboran con Solidariedade Internacional de Galicia, tanto nos proxectos socio-educativos, coma no comercio xusto e a cooperación. A escola pode ser unha ponte entre países e realidades da participación e un espazo de oportunidade para o intercambio horizontal de saberes e experiencias.

Sumar novas persoas ao activismo, mellorando as capacidades de participación cidadá e fortalecendo as redes con persoas que xa son activistas.

Incrementar o desenvolvemento de programas educativos de rúa e outros programas que se desenvolven xunto con institucións, organizacións e grupos informais, dirixidos de forma prioritaria á xente nova (estudantes ata 30 anos), pero incorporando tamén unha orientación específica cara ás persoas maiores e os perfís de activistas.

Consolidar o potencial do Globo como proxecto aglutinador da acción socio-educativa e buscar a mellora continua da calidade da parte de Luces e de Acción das micro-experiencias.

INDICADOR 1.4.1 Estabilizada a programación anual

INDICADOR 1.4.2 Grao de satisfacción das persoas participantes na programación

INDICADOR 1.4.3 Porcentaxe de participación de aliadas do sur e evolución anual

INDICADOR 1.4.4 Número e alcance das actividades realizadas no marco do Globo: acadar 30 micro-experiencias que reúnan todos os criterios metodolóxicos de luces-cámara-acción e teñan impacto transformador

INDICADOR 1.4.5 Realización de actividades nas que participan 270 persoas maiores

INDICADOR 1.4.6 Incremento das capacidades adquiridas das persoas coas que traballamos: mellorados os atributos da cidadanía global (actitudes, habilidades e coñecementos)

Comercio
Xusto
OBXECTIVOS

LIÑAS ESTRATÉXICAS

PARA ACADAR O OBXECTIVO 1

Desenvolver a capacidade crítica e o compromiso coa transformación social

Liña 1.5. Fomentar o coñecemento e o recoñecemento de iniciativas de Educación para a Cidadanía Global a través de ferramentas e mecanismos de recompilación e divulgación de experiencias exitosas

Impulsar ferramentas como o Cénit Mapa, o Premio Galego de Educación para a Cidadanía Global ou outras.

Mediante o Cénit Mapa, xerar un espazo para coñecer experiencias, cuestionar, reflexionar e avanzar colectivamente na superación do enfoque reducionista e testemuñal da ECG, permitindo non só identificalas e mapealas senón tamén negociar significados, explorar problemas, compartir solucións e xerar redes colaborativas presentes e futuras.

A través do Premio Galego de ECG, recoñecer, visibilizar, distinguir e premiar experiencias educativas ou propostas pedagóxicas para desenvolver un espírito crítico e fomentar a participación activa da comunidade educativa na consecución dunha cidadanía global solidaria e comprometida coa erradicación da pobreza e das desigualdades sociais, as súas causas e consecuencias e en prol da xustiza global e un desenvolvemento sostible.

INDICADOR 1.5.1 Identificar e mapear 150 experiencias de ECG desenvolvidas nas distintas etapas do ensino regrado de Galicia

INDICADOR 1.5.2 Recoñecer o labor dos centros educativos, a través dun Premio Galego de ECG, impulsando sucesivas edicións do mesmo



LIÑAS ESTRATÉXICAS
PARA ACADAR O OBXECTIVO 1

Desenvolver a capacidade crítica e o compromiso coa transformación social

Liña 1.6. Xerar coñecemento útil, que permita nutrir e mellorar a práctica socioeducativa

Mediante o desenvolvemento de estudos ou investigacións sobre a educación para o desenvolvemento sostible, a cidadanía mundial e a transformación social e os diversos contidos e temáticas que a compoñen.

Establecer as bases teóricas e unha guía práctica, aplicable ao noso traballo, que permita medir os impactos do labor educativo en educación para a cidadanía global.

Colaborar coa Universidade e/ou outros axentes no desenvolvemento deste traballo.

INDICADOR 1.6.1. Realizados estudos concretos sobre contidos e temas de interese para organización

INDICADOR 1.6.2. Participación en grupos de investigación para a realización de investigación aplicada

INDICADOR 1.6.3. Creada unha ferramenta que permita medir o impacto da actividade educativa sobre a transformación social

LIÑAS ESTRATÉXICAS
PARA ACADAR O OBXECTIVO 1

Desenvolver a capacidade crítica e o compromiso coa transformación social

Liña 1.7. Afianzar as alianzas de colaboración con entidades chave para a área de educación

Manter colaboracións exitosas con entidades coma ECIGAL, ATEGAL, as universidades, centros de formación permanente ao pofesorado, outras ONGDs e asociacións ou colectivos, así como sumarnos a novas redes de índole social e educativa, que permitan fortalecer o noso labor pedagóxico.

INDICADOR 1.7.1. Número de encontros realizados; número e alcance das actividades en colaboración

INDICADOR 1.7.2. Número e grao de relevancia das novas alianzas e sinerxías establecidas

IMOS ALÓ!